

9



Ollos abertos

A nosa relación coa xente

Todos temos relación con outras persoas. A uns tratámoslos máis; a outros simplemente coñecémolos de vista.

■ Nós temos relación con:

- Os pais, os irmáns, os avós, os primos, os tíos.
- Os amigos e amigas.
- Os compañeiros de clase, de catequese, de deporte, de música ou doutras actividades...
- Os catequistas, os profesores...
- Os veciños, os pais dos amigos.
- Os que despachan en tendas que visitamos, o médico que nos trata...

▶ ¿Con cales destas persoas téis máis relación? ¿Por que?

▶ ¿Qué tipo de relación é?

Persoas	Tipo de relación
■	■
■	■
■	■
■	■




Mirada penetrante

As relacións cos nosos pais

De todas as persoas coas que nos relacionamos, seguramente os nosos pais son os máis queridos e entrañables para nós.

■ Queremos aos nosos pais porque...

-
-
-
- Están dispostos a axudarnos sempre e a sacrificarse por nós.
- Están ao noso servizo para todo o que necesitemos.
-
-



▶ ¿Por que os teus pais son o maior regalo? _____

▶ ¿Que valoras máis do que teus pais fan por ti? _____

▶ ¿Por que lles darías as grazas? _____

▶ Dálle tamén grazas a Deus por eles. _____



Oídos atentos

Relación de Xesús con Deus

Tamén Xesús tivo uns pais nesta terra, Xosé e María, que o querían e lle axudaron a medrar e desenvolverse. Pero ademais El fálanos dun Pai, ao que quería moito. É Deus, co que tiña unha íntima relación.

■ 1 ■ Xesús fálanos de Deus



■ *Ti es o meu Fillo amado, o meu predilecto.* (Mc 1,11)

■ *Eu veño en nome do meu Pai.* (Xn 5,43)

■ *Quen me mandou está comigo: non me deixou só.* (Xn 8,29)

■ *Eu amo ao Pai e como o Pai me mandou así fago.* (Xn 14,31)

■ *O Pai ama ao Fillo e móstralle todo canto fai.* (Xn 5,20)

■ *Eu non fago nada pola miña conta, senón que falo o que o Pai me ensinou.* (Xn 8,28)

■ *Xesús foi á montaña a orar e pasou a noite orando a Deus.* (Lc 6,12)

Xesús dixo:

-Pai, eu sei que sempre me escoitas.

(Xn 11,42)

■ *Eu coñezo ao meu Pai.* (Xn 8,55)

■ *A Deus ninguén o viu xamais. O Unixénito foi quen nolo revelou.* (Xn 1,18)

• Trata a Deus como Pai.

• Ámao entrañablemente e séntese amado por Deus.

• Sabe que é Deus quen o enviou.

• Vive moi unido a El.

• Fálalle coa confianza dun fillo.

• Agrádalle en todo.

• Fai todo o que o Pai lle pide.

• Nunca se sente só. Sabe que o Pai está con El, escóitao sempre e axúdalle.

• Coñéceo como ninguén pode coñecelo.

• Dinos a nós como é Deus.

▶ Subliña o texto bíblico que che parece máis importante.

▶ Escolle a frase da dereita que máis te impresiona.


■ 2 ■ Xesús é Deus, coma o Pai

Xesús non só coñece ao Pai e nos fala del: dinos que El é igual ca o Pai, que El é Deus coma o Pai.



- *Meu Pai e eu somos un só... O Pai está en min e eu estou no Pai. (Xn 10,30. 38)*
- *Se me coñecédes a min, coñeceríades tamén ao meu Pai. (Xn 8,19)*
- *Quen me viu a min viu ao Pai. (Xn 14,9)*

► Xesús nestes debuxos aparece falando co Pai. Se repasas todo o anterior, podes saber o que lle di.



Xesús maniféstanos a Deus como Pai. Así, a Alianza que Deus establecera co Pobo de Israel chega agora á súa plenitude: Xesús únenos con Deus de forma íntima, e Deus fainos fillos seus.



Memoria esperta

Xesús, Deus coma o Pai

Dende sempre, a Igrexa proclamou que Xesús é o enviado do Pai, que é o seu Fillo Único, que é Deus coma o Pai. Nós acollemos esta mesma fe da Igrexa e anunciámola con gozo a todos.

- **¿Por que dicimos que Deus é Pai?**
- **¿Por que dicimos que Deus é Pai de todos?**
- **¿Podemos chamar Pai a Deus?**
- **¿Podemos dicir que Xesús é igual a Deus?**



Mans activas

Podemos tratar a Deus como Pai

Xesús proclama que tamén nós somos fillos de Deus e podemos tratalo coa confianza de Pai.



■ *Aos que cren no seu nome, dálles o poder de seren fillos de Deus. (Xn 1,12)*

■ ¿Como actúa un auténtico fillo de Deus?

- Quéreo e séntese contento de telo como Pai.
- escoita a súa palabra e fai sempre o que lle agrada.
- Dálle grazas pola vida e todos os bens que lle dá.
- Dedicamos tempo a falar con El e cóntalle as súas cousas.
- Saúdao polas mañás e polas noites.
- Acodamos á Igrexa para atoparse con El e pedirlle axuda.
- Non pronunciamos palabras ofensivas contra Deus.
- Séntese feliz, porque Deus o acompaña e coida del.
- Trata a todos coma irmáns, fillos do mesmo Pai.
- Pídelle perdón cando o desgusta e ofende.
- Participamos na Eucaristía e, con Xesús, dá gloria a Deus.
- Colaboramos no plan de Deus de facer do mundo unha familia de irmáns.

Moito Regular Pouco

Moito	Regular	Pouco
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>
<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>	<input type="checkbox"/>

▶ Examina o teu comportamento e pon unha cruz no cadro que corresponda.

▶ ¿Que podes facer para mellorar?